

Javier DEL PRADO BIEZMA

4

ILLAS CÍES

Ondulación tan suave de outeiros que a mañá encontra apenas un cunco para descansar o seu riso.

E o azul érguese como unha cortina esgallada, retallos á esquerda sobre as Illas Cíes, que cobran vocación de barco ancorado na lembranza: unha terra que as ondas celebran, desde hai milenios, na exaltación musical das escumas.

Mañá irei vervos para prender a miña voz dun voo de gaivota: transi-taremos logo os piñeirais mentres a sequidade arrecia o ouro en escintile-os do seu pálpito –e a muller tende olorosa a calma dun trugal sementado nas ourelas do desexo.

Cantar, con esa melodía que alzan os outeiros ao bordo da noite, en arcos de silencio: só un tremor anello de eucalipto mentres o verso enfus-ca a súa penumbra de ditongos xa ouvidos á voz dos séculos,
e o mar fáiseche arrollo no cunco dunha pube de camelia.

9

A TERRA

“Sempre ollas de costas á morte...

Aínda que olles o mar, sempre procuras o recanto preciso por onde o teu ollar foxe, en música gozosa, cara ao campo con casas onde, máis alá da onda e da súa inanidade vacante en mans e en pisadas, a parra trenza o seu perfil de capitel azul do vento, e o millo vai engraiando pouco a pouco, coa graza dunha boca que rira na máis alta plenitude do seu desexo;

se vas a Monteferro, ollas do lado de Baiona e o teu ollar vai buscan-do as sílabas, outeiros, de Gondomar ao lonxe; se vas a Punta de Home, os costados de Nerga, buscando entre os piñeiros a plenitude barroca, en pedra e en cicel, de Hío; se vas a Santa Tegra, percorres coma un voo a suavidade do Miño, que reflicte, terra adentro, nomes que son tan doces coma o feo.

Se ficas en casa, podes vivir ausente, até a noite, coa ollada ancorada, derivando polos milleirais e viñedos, de Vilaboa a Cangas, até que nas túas meniñas o gran da uva e o granate prohibido da camelia adquiren a pureza da xema”.

Si, mais se o mar faltase,
coma un barco invertido en auga e vento,
xa non habería paisaxe, xa non habería,
en ausencia de pampo e mazaroca,
nin ollada, nin verso.

As pezas aquí escolmadas pertencen ao poemario *Mirador del Berbés (En veintitún poemas y un discurso)* de Javier del Prado Biezma (Primeiro Premio do IV Certame Internacional de Poesía Barcarola, 1989), e foron traducidas ao galego por Ricardo Pichel Gotérrez.

14

O HOME (2)

Estaba alí, senlleiro en desexo de aloumiño –“Só unha voz, chegaríame cunha voz, a falta de mirada, como a que ti alzas agora por riba do verde escuro dos piñeiros e pousas, alén da treboada, polas casas máis altas de Moaña”– na fragilidade dunha bebedela presentida: un restaurante mínimo na praia de Chapela, Area Grande.

Ela chamaríao; convidaríao a sentar, a comer connosco o pan de cada día e o seu sorriso –“Só unha voz, chegaríame cunha voz, a falta de aloumiño, coma a que ti pousas agora, de volta do abismo, pola súa fronte: un beizo que é area, enchido nos suburbios mananciais da graza”–, a beber un viño xa, por compartido, en transparencias.

Comeu no recanto, en soidade apazugada polos seus ollos. Bebeu no recanto: un viño negro e denso coma o envés da súa pálpebra, lentamente, sen pausa –“Só unha voz; chegaríame cunha voz, un lento, longo e maxestoso adagio coma o que trenzan as túas ás, agora, polo seu pelo”–; e o vento da tarde se extasia en delirios, enleado polos piñeiros máis altos que rodean o Castro.

E marchou en silencio.

Décheste conta, ti, de cando marchou? Gustaríame dicirle que sentase connosco; agora saberíamos, cando menos, o nome que lle debemos poñer á súa tristura... E tan só ficamos con ese ollar, como se a tarde co seu vento de Illas se mergullase polas súas pálpebras. –“Só unha lembranza; chegaríame cunha lembranza, a falta xa mesmo de voz; unha lembranza maína e lenta e vagarosa coma esta man de brumas que, en paz e en abandono, me borrou imperceptibelmente o alarido das ondas”.

17

RÍA DO MIÑO

Cima de Santa Tegra. Saltas de rocha en rocha fuxindo do xentío (pasaches por aquí, hai máis de vinte anos, e o outeiro era daquela unha onda de nubes e silencios acollendo un amor capaz de xermolar en cada apreixo coa dozura diminuta e malva das queirogas) e sentas, de costas ao poñente... Ela senta contra ti e así contempla un esplendor de mar salvado polos seus ollos coma antano salvaron unha man capaz, coa súa bondade, de alindar rabaños de ondas e outeiros.

Desembocadura do Miño. Unha harmonía en grises, musical, proxectada coma o eco dun órgano até a última paz de Tras-os-Montes. Gris do río mar en ouros, en azuis, gris do monte en malva, en verdes, gris do ceo en grises invertidos;

e aquel tesón –illa de area e grama– desaparece pouco a pouco, invadido pola luz que converte a súa sombra en copa somerxida de álamo ou de freixo (*un álamo de prata* que axitase unha onda de espuma no canto de vento).

Ela senta contra ti e así contempla un esplendor de mar xemelgo da súa alma: esa ollada ancorada, sempre, na zona máis alta da dita, alí onde non chega o proído do vento e onde anémones xigantes debuxan cos seus brazos os arcos conopiais do crepúsculo.

18

O BARCO

Todo o que está en ruínas tráelle o pranto á mirada, ou casa ou barco ou neno ou vello cuxo rostro amorea derrubas de desexos arredor do eco sen voz da súa gorxa.

–“Olla o barco que onte estaba encallado entre dúas augas, verde ouro, verde malva, no poñente; hoxe semella elevado á gloria do poema sobre o seu pedestal de auga e lodo, nesta baixamar a punto de deixarnos sen océano”.

Todo o que está en ruínas tráelle o pranto á mirada: as tres casas da lomba de Hoyo, enriba do Pantano, casas de pedra anella, case rocha, en constelacións de brión e liques, pero cuxos tellados prestaron o seu ceo á fronde olorosa, en lixa e leite, dunha figueira salvaxe.

–“Olla o barco que onte estaba encallado entre dúas augas; hoxe, neste alborexar de pratas irisadas, como fronde invertida de tileiros e camelias, elevado á gloria do poema, alza a súa ponte derruída en couzas mariñas, privado xa de voo e só forma”.

Todo o que está en ruínas tráelle o pranto á mirada: un neno en ruínas é sempre unha cousa moi seria, transcende e nega mesmo calquera sombra ou eco de absoluto; moito máis sería cando na túa casa reina e ri un neno, metade león e metade anxo, cuxo riso estremece os limos máis puros do sangue; e deus pode cobrar voo de gaivota.

–“Olla o barco que onte estaba encallado entre dúas augas; hoxe, nesta preamar que baixa dos piñeiros, perdeu o seu asento e voga, na súa deriva, cara á noite”.